



MISIÓNS COMERCIAIS DAS PEMES 2023 CONVOCATORIA

Resolución do 27 de febreiro de 2023 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para o desenvolvemento do Plan de Misións Comerciais das pemes 2023 susceptibles de ser cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (DOG nº 46, de 7 de marzo do 2023)

A Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa e o Igape convocan a MISIÓN COMERCIAL A REPÚBLICA CHECA e HUNGRÍA 2023

MISIÓN COMERCIAL A REPÚBLICA CHECA e HUNGRÍA 22 – 28 outubro 2023 Nº Expediente: IG202.2023.1.53

- ORGANIZA:** Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa e IGAPE
- COFINANCIA:** FEDER / IGAPE
- SECTOR:** Multisectorial
- DATAS:** Do 22 ao 28 de outubro de 2023
- DATA LIMITE DE INSCRIPCIÓN para empresas que soliciten axenda: 31 de agosto de 2023**
- DATA LIMITE DE INSCRIPCIÓN para empresas que NON soliciten axenda: 29 de setembro de 2023**

SELECCIÓN DAS EMPRESAS

A selección das pemes efectuarase respectando a rigorosa orde da data da solicitude efectuada, e ata o esgotamento das prazas dispoñibles, sempre que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.

CUSTO

O custe total estimado e o seguinte:

- Opción 1 (República Checa-Hungría con axenda de traballo): 3.800 € +21% IVE = 4.598 €
- Opción 2 (República Checa-Hungría sen axenda de traballo): 2.700 € + 21% IVE = 3.267€
- Opción 3 (República Checa-Hungría, con axendas virtuais): 1.450 + IVE = 1.754,50 €

Inclúe (1 persoa por empresa): billete de avión, hotel con almorzo (2 noites en Praga e 3 noites en Budapest (máximo subvencionable 5 noites nun país e 3 noites mais por país cun máximo total de 8 pernoctas) seguro de viaxe, organización da axenda e gastos de organización, información e asesoramento e xestión da subvención.

Son custos estimados e poden variar á baixa ou á alza. Axustaranse en cada caso

CONTÍA DA AXUDA

A contía da axuda será dun 90% sobre o importe dos gastos subvencionables.



PLAN DE VIAXE PREVISTO

O plan de viaxe previsto é o seguinte:

Saída: 22/10/23

Traslado Praga - Budapest: 24/10/23

Regreso: 27/10/23

Outras opcións: Pódense contemplar outras opcións de viaxe, por exemplo viaxar a un só país, ou solicitar axenda só nun país. Consultar á Cámara

MOI IMPORTANTE: *Unicamente se subvencionarán os gastos de viaxe do persoal propio da peme participante, ou forme parte do consello de administración da mesma.*

FORMALIZACIÓN DE INSCRICIÓNS

DATA LIMITE DE INSCRIPCIÓN para empresas que soliciten axenda: 31 de agosto de 2023

DATA LIMITE DE INSCRIPCIÓN para empresas que NON soliciten axenda: 29 de setembro de 2023

Para formalizar a inscrición na acción, debe enviar á Cámara de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa a seguinte documentación:

- Solicitude de participación (Formulario IG249 a cumprimentar na Oficina Virtual do Igape, e instancia firmada polo representante legal da peme)
- *Copia da acreditación da representación legal do firmante (escritura de constitución da sociedade ou escritura de poder)*
- *Copia Certificados actualizados de estar o corrente con a AEAT, TGSS e Facenda*
- Xustificante de pago a nome da Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía e Arousa polo importe correspondente a opción elixida:
 - Opción 1 (todo con axendas de traballo): 3.800 € +21% IVE = 4.598 €
 - Opción 2 (todo sen axendas de traballo): 2.700 € + 21% IVE = 3.267€
 - Opción 3 (todo con axendas virtuais): 1.450 + IVE = 1.754,50 €

DATOS DA CONTA BANCARIA ONDE REALIZAR O PAGO

Banco Sabadell: ES39 0081 0388 0700 0351 4860

(Titular: Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía)

REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas as empresas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que cumpran a definición de pemes (microempresas, pequenas e medianas empresas) segundo o anexo I do Regulamento nº 651/2014 da Comisión, incluídas as pemes con obxecto social destinado á prestación de servizos técnicos, comerciais ou loxísticos. O Igape realizará as comprobacións documentais necesarias para garantir que as empresas para as que se propón a concesión da axuda teñen a condición de peme.



- b) Que teñan domicilio social e algún centro de traballo radicado na Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Que estean dadas de alta en programas avanzados de Igape de apoio á internacionalización con informe positivo emitido a partir de 1 de xaneiro de 2013. A solicitude de alta en programas avanzados de Igape de apoio á internacionalización, deberá facerse antes do remate do prazo de fin de execución da actuación, a través do procedemento do Igape IG192.
- d) Os beneficiarios deberán contar con presenza nos medios dixitais internacionais, contando como mínimo cunha páxina web con versión en inglés.
- e) Os beneficiarios deberán estar ao día das súas obrigas coa Facenda Pública estatal, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social. Tamén deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia para ser beneficiario da axuda, e cumprir as obrigas do artigo 11 da citada Lei de subvencións.
- f) Que cumpran a normativa de axudas de minimis segundo o previsto no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013), para as empresas do sector pesqueiro no Regulamento (CE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas de minimis no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28.06.2014) e para as empresas do sector agrícola no Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector agrícola (DOUE L 352 do 24 de decembro de 2013).
- g) Que estean ao día de pagamentos adebedados ás Cámaras.
- h) As empresas participantes nunha mesma acción non deberán ter vinculación entre si de ningún tipo para poder optar á subvención, no caso de que participen nunha acción dúas empresas vinculadas só unha delas poderá optar á subvención. Enténdese por vinculación calquera participación dunha empresa tanto directa como indirecta na xestión, control ou capital social doutra. A vinculación faise extensiva á relación de membros de órgano de goberno, directivos ou xestores.
2. Mediante a presentación da solicitude de participación na acción, os beneficiarios aceptan a tramitación a través da entidade colaboradora, que será así mesmo a encargada de informar puntualmente ao interesado sobre o estado da súa petición, os dereitos e obrigas da mesma, e das notificacións recibidas de acordo co establecido no artigo 16.2. O Igape porá a disposición deste programa, unha aplicación no enderezo da internet <https://www.igape.gal/g/oficinavirtual> para os efectos de cubrir o cuestionario de solicitude de participación electrónicamente.

OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios, sen prexuízo do disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as seguintes:

- a) As descritas no artigo 6.8 letras a), b), c) e e), obrigas comúns ás entidades colaboradoras.
- b) Proporcionarlle á entidade colaboradora todos os documentos necesarios para poder tramitar as axudas establecidas nestas bases, así como acreditar os requisitos ou condicións que determinen a concesión da axuda, no prazo sinalado na resolución de convocatoria.



- c) Realizar o pagamento das facturas emitidas pola entidade colaboradora antes da data na que deban ser presentadas ante o Igape. Este pagamento debe estar debidamente documentado mediante xustificante bancario, tal e como establece o artigo 20 destas bases. A axuda aboarase a través da cámara unha vez finalizada a acción e cumpridas todas as obrigas.
- d) Participar nas actuacións que fundamenten a concesión da subvención, así como colaborar e achegar a documentación á entidade colaboradora.
- e) Comunicarlle á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación de fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, durante un prazo de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas que estean incluídos os gastos da operación. Informarase ao beneficiario da data de comezo dese prazo.
- h) Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o que se concede a axuda.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

GASTOS SUBVENCIONABLES

Gasto subvencionable: o importe facturado polas entidades colaboradoras para a organización e execución dos eventos subvencionables, polos seguintes conceptos e cos límites seguintes de gasto máximo subvencionable:

Concepto subvencionable	Límite de gasto subvencionable para cada peme e acción na que participe
· Cotas de inscrición nos eventos promocionais non expositivos dos citados no artigo 3.1.b). Así como custo das entradas a feiras, congresos ou eventos de recomendado interese e incluídos no programa das actuacións.	Cota ou fee de inscrición ou entradas cun límite de 2.000€ por evento.
· Asistencia externa en destino para a realización de axendas e para organización da acción (só no caso de que o Igape non poida facilitar estes servizos por medios propios).	
· Gastos de intérpretes para accións individuais e conxuntas incluída a interpretación virtual.	
· Aluguer do espazo, cotas de participación para as participacións en modalidade virtual, stand e/ou salas para a realización da acción, gastos de decoración básica, aluguer de mobiliario, gastos de mantemento, inserción no catálogo de expositores e outros gastos de servizos inherentes ao evento expositivo.	
· Gastos de envío de mostras sen valor comercial e catálogos co seu seguro correspondente tanto para accións presenciais como virtuais.	



Concepto subvencionable	Límite de gasto subvencionable para cada peme e acción na que participe
<ul style="list-style-type: none"> Gastos de organización da acción, información e asesoramento á peme (dossier de mercado, asesorías telefónicas, reunións previas, seguimento da axenda de entrevistas, elaboración de listados, informes, e todas aquelas precisas para a eficiente organización da acción). 	<p>Máximo de 800 € sempre que se trate dunha participación en feira ou misión comercial con elaboración de axenda. No caso de misión comercial sen elaboración de axenda o importe máximo será de 400 €. Non aplicará este concepto cando se trate dunha misión comercial virtual na que o servizo de consultaría de axendas sexa realizado polas oficinas no estranxeiro do IGAPE.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Viaxe dunha persoa da peme participante (2 persoas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b). 	<p>Límites Anexo V. Datas da viaxe subvencionable: entre a data da convocatoria e a data límite de presentación da solicitude de cobramento. Só se subvencionarán os gastos correspondentes a avión, tren e/ou autobús. Só se subvencionarán este tipo de custos cando a persoa que viaxa sexa persoal propio da empresa, ou forme parte do consello de administración da mesma.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Aloxamento dunha persoa da peme participante en réxime de aloxamento ou aloxamento e almorzo (2 persoas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b). 	<p>Só se subvencionarán pernoctas comprendidas entre as datas das actuacións cun máximo de 5 pernoctas (7 pernoctas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b) e tendo en conta os límites indicados no anexo V. No caso de accións en máis dun país, engadiranse un máximo de 3 pernoctas máis subvencionadas por país, cun máximo total de 12 pernoctas. Só se subvencionarán este tipo de custos cando a persoa que viaxa sexa persoal propio da empresa, ou forme parte do consello de administración da mesma.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Traslados grupais. 	<p>Só se subvencionarán os traslados que sexan contratados e facturados á cámara como organizadora, inclúense todos aqueles traslados en grupo que se realicen no marco da acción, incluídos os traslados dende e ata o aeroporto así como traslados dende ou ata lugares onde se celebren reunións ou eventos incluídos no programa conxunto da acción. Quedan excluídos os traslados individuais de calquera tipo.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Taxa de visado e seguro de viaxe, incluídas as coberturas de cancelación, e custo de realización de probas PCR ou similares sempre que se consideren obrigatorias para a realización da viaxe, dunha persoa da peme participante. No caso das actuacións das citadas no artigo 3.1.b) dúas persoas por peme participante. 	



Concepto subvencionable	Límite de gasto subvencionable para cada peme e acción na que participe
Parte proporcional do servizo de acompañamento á acción para apoio técnico en destino.	Límites: 400 euros/día por acción con independencia do número de pemes participantes. A prestación deste servizo por parte da cámara será obrigatoria en calquera actuación agrupada cunha participación igual ou superior a 4 empresas. A cámara poderá solicitar a excepción desta esta obriga que se poderá acordar cando polas características da actuación desprenda que non aporta valor engadido a actuación.
Parte proporcional dos gastos de viaxe e aloxamento das persoas da entidade colaboradora designadas para prestar o servizo de acompañamento, incluídos os seguros de viaxe, as probas PCR ou similares, e os visados correspondentes	Só se subvencionarán pernoctas comprendidas entre as datas das actuacións cun máximo de 5 pernoctas (7 pernoctas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b) e tendo en conta os límites indicados no anexo V.
Límites máximo de gasto subvencionable por todos os conceptos.	Por cada peme beneficiaria e por cada misión na que participe: 6.000 € Por cada peme beneficiaria e por cada evento expositivo no que participe: 25.000€

PRAZO, FORMA DE XUSTIFICACIÓN E RÉXIME XURÍDICO

Para a tramitación da subvención a empresa participante deberá enviar á Cámara de Comercio toda a información que esta necesite para poder xustificar a correcta realización da acción conforme aos parámetros desta convocatoria cando a Cámara o solicite.

O Igape aboará as subvencións á entidade colaboradora para que esta ingrese ás pemes os importes íntegros -sen compensación doutros gastos non elixibles- correspondentes ás subvencións recibidas do Igape, nun prazo máximo de 10 días tras recibir a transferencia de Igape. Unha vez feitas as transferencias das subvencións ás pemes, as entidades colaboradoras deberán remitir ao Igape copia simple das transferencias efectuadas.

Será de aplicación a regulación sobre o réxime de xustificación, pagamento, reintegro e réxime sancionador de subvencións contida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro polo que se aproba o seu regulamento.

PENALIZACIÓN POR BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA

En caso de **BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA**, establécense as seguintes penalizacións:

- A- Se a baixa se produce con 40 días ou máis de antelación á realización da acción, a penalización consistirá no aboamento dos gastos incorridos, ata o momento, por parte da empresa.



- B- Se se produce con 39 a 30 días de antelación á realización da acción, a empresa pagará o 50% da aportación establecida para participar na acción.
- C- Se se produce entre o comezo da misión e os 29 días anteriores á realización da acción, aboarase o 100 % da aportación.

Se os gastos reais ocasionados superan as ditas porcentaxes, se lles repercutirán a maiores.

INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS

Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa
C/ República Argentina 18A – 36201 Vigo
Tfno. 986 446295 / e-mail: comex@camarapvv.com